



## PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DA TARXETA DE MOVEMENTO EQUINA (TME)

### Notas previas

- A Tarxeta de Movemento Equina (TME) ven desenvolvida polo Real Decreto 577/2014, de 4 de xullo, polo que se regula a tarxeta de movemento equina.
- A súa tenza posibilita o movemento do équido posuidor dentro do territorio nacional en substitución dos documentos sanitarios de acompañamento habituais (guías pecuarias) e sempre que se trate de movementos con regreso á explotación de orixe cunha duración máxima de 30 días naturais, que non supoñan un cambio de titular do équido e que se realicen por motivos de asistencia a actos deportivos, concursos morfolóxicos, ou con fins turísticos, recreativos, culturais ou de aproveitamento de pastos.
- A Tarxeta de Movemento Equina (TME) pode ser solicitada polo titular<sup>1</sup> de calquera équido independentemente da súa condición como équido de crianza e rendemento ou rexistrado e da entidade emisora ou Comunidade Autónoma que o identificou e rexistrou e independentemente do tipo de explotación na que se atope localizado.
- O équido para o que se solicite a TME debe estar correctamente identificado<sup>2</sup> e rexistrado nas bases de datos de identificación equina da Comunidade Autónoma de Galicia e do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA).
- Non será posible a emisión da TME para un équido considerado correctamente identificado que non posúa implantando un transpondedor electrónico.
- En caso de deterioro ou perda da TME orixinal, pódese solicitar un duplicado da TME que anulará a anterior. A petición de duplicados de TME está suxeita a un procedemento de control interno para evitar usos indebidos das mesmas.
- Algúns dos datos contidos no chip da TME son modificables polas distintas figuras intervinientes no proceso (Consellería do Medio Rural, Colexios Veterinarios Oficiais ou veterinarios identificadores), mediante un lector de tarxeta electrónica convencional e de acordo cos permisos de actualización recollidos nos anexos do Real Decreto 577/2014. A data de hoxe, o software da Fábrica Nacional de Moneda y Timbre (FNMT) necesario para realizar estas modificacións non está posto en funcionamento.

### Procedemento

**1** - O titular actual dun équido que se considere correctamente identificado (e que por tanto dispón dun Número Permanente Único, NPU) solicitará os servizos dun veterinario identificador para a obtención da TME, o cal realizará a solicitude vía telemática (sitio web SIREGAL [www.siregal.org](http://www.siregal.org)) ao Colexio Oficial Veterinario provincial onde estea colexiado.

<sup>1</sup> O solicitante debe ser o titular do équido, non o titular da explotación onde se atope este no momento da solicitude.

<sup>2</sup> Identificación de acordo co Real Decreto 1515/2009 de identificación e rexistro de équidos e Decreto 142/2012 de normas de identificación e ordenación sanitaria dos animais equinos en Galicia.

Todo veterinario colexiado e autorizado para a identificación equina está implicitamente autorizado para a solicitude de TME de calquera équido situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

**2** - O veterinario comprobará a identidade do équido mediante o Documento de Identificación Equina (DIE) ou documentación equivalente que permita considerar ao animal como correctamente identificado segundo a normativa vixente. Tamén comprobará que o microchip implantado funcione correctamente e coincida co código que figura no DIE.

Cubrirá o modelo de solicitude de emisión da TME (**Anexo I** deste documento)<sup>3</sup>. É importante que este modelo se cubra na súa totalidade e especialmente os seguintes datos que o veterinario requirirá ao titular:

- datos de contacto do titular a efectos de notificación (nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico).
- código REGA da explotación equina de localización actual do équido, a efectos de facelo constar na solicitude de TME.

O veterinario realizará ao équido unha fotografía dixital de suficiente calidade, ou ben o titular achegará a este a citada fotografía en soporte dixital; neste caso o veterinario comprobará que corresponde ao équido do cal se solicita a TME e que é aceptable a efectos de calidade e identificación visual de acordo cas seguintes características:

- Fotografía en cor, realizada con luz natural e coa iluminación necesaria para distinguir axeitadamente ao animal na súa totalidade.
- O animal presentárase de perfil, visto lateralmente dende o lado esquerdo.
- Deberase poder ver o animal na súa totalidade, incluíndo cabos e extremos.
- A imaxe do animal debe ocupar a maior porción posible da foto e deberá contrastar axeitadamente co fondo, empregando fondos claros para animais de capas escuras e fondos escuros para animais de capa clara.
- O animal fotografárase sen enselar e sen ningún tipo de accesorio, salvo a cabezada e evítase en xeral calquera elemento que cubra ao animal dificultando a identificación deste.
- As características técnicas da fotografía serán:
  - ✓ Tamaño en pixels da foto: 567x378
  - ✓ Tamaño máximo en disco: 50KB
  - ✓ Formato: JPG Standard Baseline

**3** - Acceso á páxina web SIREGAL ([www.siregal.org](http://www.siregal.org)), coas súas claves de usuario e inicio da solicitude telemática da TME.

Os trámites a realizar resúmense en:

- Indicar UELN/NPU
- SIREGAL comproba se o animal figura na base de datos do MAGRAMA (RIIA/SITRAN) e recupera datos.
- SIREGAL mostra os datos que figuran en RIIA/SITRAN (animal e titular)
- Veterinario confirma que son correctos
- Veterinario carga a fotografía dixital do équido
- Veterinario confirma a solicitude
- Colexio Veterinario traslada solicitude a MAGRAMA
- MAGRAMA traslada solicitude a FNMT
- FNMT envía a TME ao enderezo indicado polo titular

---

<sup>3</sup> O modelo de solicitude quedará en poder do veterinario actuante como comprobante de solicitude feita, servirá de base para a gravación dos datos pertinentes en SIREGAL e quedará a disposición do Colexio Oficial Veterinario se fora preciso.

SIREGAL ofrece dúas posibilidades:

**a) Équido xa identificado (xa dispón de NPU/UELN)**

Esta opción usarase tanto para os équidos de crianza e rendemento galegos identificados previamente a través de SIREGAL como para os équidos de crianza e rendemento identificados por outras Comunidades Autónomas ou os équidos rexistrados identificados polas distintas asociacións de équidos rexistrados.

No menú “Elixa unha opción”, seleccionar “**Solicitar TME (Tarjeta de movimiento equina) para équido xa identificado**”.

Na pantalla que aparece, introducir o UELN/NPU

**SOLICITAR TME (Tarjeta de Movimiento Equina) para équido ya identificado**

Solo es posible solicitar Tarjeta de Movimiento Equina para équidos que ya estén identificados previamente, es decir, que dispongan de código de identificación UELN (también llamado NPU o Número Permanente Único). Esta identificación debe constar en la base de datos nacional RIIA que forma parte del SITRAN (Sistema Integral de Trazabilidad Animal del MAGRAMA). Los datos que consten en RIIA serán los que se incorporarán visual y electrónicamente en la tarjeta.

Si lo que desea es solicitar la TME para un équido de nueva identificación emplee la opción de [Alta de solicitud DIE](#) y además del código de microchip y resto de datos de identificación indique que desea solicitar la TME. Los datos de identificación que introduzca serán los empleados tanto para la solicitud de DIE como de la TME.

UELN / Número Permanente Único ( NPU ):

Especie del animal (opcional):

SIREGAL devuelve os datos que constan en RIIA/SITRAN:

**SOLICITAR TME (Tarjeta de Movimiento Equina) para équido ya identificado**



**Datos del animal y titular que figuran actualmente en RIIA/SITRAN**

Datos que figurarán en la Tarjeta de Movimiento Equina

---

**Número Permanente Único/UELN:** 724007001150116

**Especie:** CABALLO

**Identificador electrónico:** 10010000724110000500838

**Sexo:** HEMBRA

**Capa:** CASTAÑO

**Data de nacemento:** 15/06/2015

**Explotación de nacimiento:** ES270330009801

**Nome:** VIVEIRÁ

**DNI/NIF/NIE del titular:** S1511001H

**Nombre del titular:** XUNTA DE GALICIA

**Dirección del titular:**  
SAN CAETANO SN  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)  
( ATENCIÓN: esta dirección será empleada para el envío postal de la tarjeta al titular arriba mostrado )

**Apto para el consumo humano:** SI

**Fecha de inicio de suspensión:** No existen datos

**Sustitutivo:** NO

**Calificaciones sanitarias:** NO

**Número ordinal de la tarjeta:** 1

**Organismo Emisor:** GALICIA

Elija opción:

- Confirmo que los datos mostrados en pantalla son correctos y solicito que se utilicen para la emisión de la TME y envío postal al titular
- Alguno de los datos del animal y/o titular son incorrectos o deben completarse

Seguir os pasos que a aplicación vai indicando ata finalizar o proceso.

## b) Équido non identificado (Solicita DIE e TME á vez)

Esta opción utilizarase para os équidos de crianza e rendemento identificados por primeira vez en Galicia.

No menú “Elixa unha opción”, seleccionar “**Alta de solicitude DIE (con TME opcional)**”

Os datos que figurarán na TME serán os que rexistre o veterinario no momento da identificación (solicitude de DIE polo procedemento habitual).

---

### ALTA DE SOLICITUDE DIE ( con TME opcional )

**1** **Código microchip:**

Seleccione o microchip na lista.

Lembre que antes de implantar un microchip é obrigatorio comprobar se o animal xa porta previamente outro identificador electrónico e nese caso NON DEBE implantar outro novo.

Se desexa solicitar un DIE para un équido que xa tivera implantado un identificador electrónico (inixectable ou crotal), **non subministrado polo Consello Galego de Colexios Veterinarios** (numeración que **non comeze** por 1001000072411), debe solicitar **autorización previa** facendo [click aquí](#), co fin de que se comprobe se ese animal xa foi identificado previamente, é dicir, se xa con anterioridade este ou outro Organismo Emisor lle tivera emitido outro DIE/pasaporte ou documentación de identificación.

Se tras a comprobación se lle autoriza a continuar coa emisión do DIE para este animal, o código de microchip que porta aparecerá nesta listaxe e poderá proseguir coa identificación.

**1** **Data de nacemento:**   
DD/MM/AA

**1** **Data de implantación do identificador electrónico:**   
DD/MM/AA

**REGA de Identificación e titular do équido:**

Se o REGA e Titular figura nalgunha solicitude anterior realizada por vostede, elíxao na lista. Se non, pode escoller o Outro REGA + Titular e facer unha nota agora, ou deixe este dato en branco e indiqueo máis adiante. O TITULAR do équido pode non coincidir co titular do REGA ( centros ecuestres, etc )

Aceptar

Marcar o recadro “**Solicitar TME (Tarxeta de Movemento Equina)**” na parte esquerda do apartado “Reseña e fotos dos animal” da pantalla de solicitude de DIE.

É necesario engadir unha imaxe do lado esquerdo do équido, cas características técnicas indicadas anteriormente.


Seguir os pasos habituais no procedemento de solicitude de DIE que a aplicación vai indicando ata finalizar ambos procesos (solicitude de DIE e solicitude da TME). No caso da emisión da TME é posible que non se poida realizar no mesmo acto pois o volcado dos datos de identificación desde SIREGAL á base de datos de Galicia e posteriormente a RIIA/SITRAN pode non ser simultánea. Nese caso, débese reintentar posteriormente.

**4.-** O veterinario comprobará a través de SIREGAL que os datos de identificación que figuran no DIE ou documento de identificación e na solicitude coinciden cos que constan na base de datos de identificación do MAGRAMA (RIIA/ SITRAN), tanto os relativos ao équido en si como os do titular actual. Se non fose así, a aplicación SIREGAL impedirá a continuación do trámite de solicitude polo que o veterinario debe indicar ao titular do équido, mediante os datos de contacto facilitados por este, que non pode cursarse a solicitude ata que os datos erróneos ou non actualizados sexan corrixidos para o cal o titular deberá achegarse á Oficina Agraria Comarcal correspondente ou contactar coa entidade emisora de équidos rexistrados.


5 - Se o veterinario comproba que os datos facilitados e os da base de datos RIIA/SITRAN coinciden, xuntará telematicamente na aplicación SIREGAL a fotografía dixitalizada do équido. Esta aplicación permite a edición da fotografía de xeito que se adecúe ao tamaño preceptivo.

6 - SIREGAL gravará a solicitude unha vez o veterinario confirme todos os datos, e ofrecerá a posibilidade de descargar ou enviar un comprobante a entregar ao titular, onde figurarán os datos achegados, a data de solicitude e textos relativos ao cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos. SIREGAL enviará automaticamente un correo electrónico informativo sobre que se procesou unha solicitude de emisión da TME, dirixido ao veterinario solicitante e ao colexio provincial que debe tramitar a solicitude así como ao titular do équido, podendo este consultar en SIREGAL o estado de tramitación da TME facendo unha consulta por REGA de situación, NPU ou NIF do titular.

7- Os usuarios autorizados de cada Colexio Veterinario Provincial unha vez recibida vía telemática a solicitude de TME realizada polo veterinario, continuarán o trámite ante o MAGRAMA a través da aplicación SITRAN, á que accederán coas claves de usuario das que dispoñen.



Premendo en “Solicitar TME” aparece a pantalla “Buscador de animales (TME)” onde se seleccionará a especie “équidos”, e dentro desta, “cabalo”, “asno”, “mulo”, “cebra”, etc... e introducirá o código do NPU (UELN) do animal. Premer en buscar.



1 registro encontrado				
Resultados de la búsqueda				
1				
UELN	Id. Electronica	Sexo	Organismo Emisor	F.Nacimiento
724017000000001	10010000824010000000001	Macho	Asociación nacional ecuestre de caballo deportivo	18/11/2009
1				

Obtener resultados en formato [EXCEL](#) [HTML](#) [XML](#)

Premendo sobre o UELN do animal nesta pantalla, mostrarase a ventá de detalle que permite solicitar a emisión da TME e que mostra:


- os datos que figurarán en ámbolos dous lados da tarxeta
- os datos que figurarán no chip da tarxeta
- cárgase e móstrase a fotografía do animal (no caso de existir xa a foto cargada dunha emisión anterior mostrarase esa)

Tarjeta del equino 724017000000001 (Caballo)

Las pestañas con este icono contienen datos de Central  
 Las pestañas con este icono contienen datos del Servidor Autonómico


**Tarjeta equina**

Tarjeta equina



**Datos de RIIA que figurarán en el chip de la tarjeta:**

Número permanente único: 7240170000000001  
 Especie: Caballo  
 Sexo: Macho  
 Fecha de nacimiento: 18/11/2009  
 Nombre: Eros  
 Método de marcado alternativo: TSE B N° 000299  
 Nombre y dirección del titular: Juan Felipe Gomez Lopez  
 Urbanización La Albufera, 45001 AJOFRÍN  
 Apto para el consumo humano: Sí  
 Fecha de inicio de suspensión: (no existen datos)  
 Duplicado: No



[Modificar foto](#)

Confirmando que los datos mostrados en pantalla son correctos y solicito que se utilicen para la emisión de la TIE

[Solicitar impresión](#)

Unha vez confirmado que todo é correcto e que la fotografía se mostra perfectamente, premer en “Solicitar impresión”. A continuación indicárase que se solicitou a impresión da TME á FNMT.

Se no prazo de sete días o Colexio Veterinario non conseguiu, por impedimentos técnicos ou calquera outro motivo, a tramitación efectiva da solicitude, avisará deste feito a titular do équido e ao veterinario informando das causas e anulando a solicitude.

**8** - Unha vez recibida e aceptada a solicitude, o MAGRAMA finalizará a solicitude á FNMT que se encargará tanto da fabricación da TME conforme aos contidos de formato establecidos no Real Decreto 577/2014 como do seu envío ao titular do équido por correo postal ordinario ao enderezo do titular que conste en SITRAN.

En caso de devolución postal por calquera causa, a FNMT reenviará a TME ao Colexio Veterinario Provincial que tramitou a solicitude de xeito que este a faga chegar ao veterinario solicitante para que se responsabilice da entrega efectiva ao titular do équido.

No caso de que no prazo de 30 días dende a entrega ao veterinario, este non conseguira realizar a entrega, devolverá a TME ao seu Colexio Veterinario Provincial onde quedaría a disposición do titular do équido durante seis meses, e en caso de non ser reclamada por este procederá á súa destrución.

## **POSIBLES INCIDENCIAS**

- No momento da solicitude de TME para équido xa identificado, SIREGAL non pode comunicar online con RIIA/SITRAN → Reintentar máis tarde.
- Disponse e coñece o UELN, pero o équido non consta en RIIA/SITRAN → Contactar coa entidade que identificou o équido por primeira vez (Oficina Agraria Comarcal ou autoridades oficiais correspondentes doutra CCAA no caso de équidos de crianza e rendemento ou a asociación correspondente no caso de équidos rexistrados) para tramitar que o animal conste en RIIA/SITRAN → Reintentar a solicitude unha vez resoltos os problemas e volcado o animal en RIIA/SITRAN.
- O animal figura en RIIA/SITRAN pero o titular actual solicitante da TME non coincide co que figura en RIIA/SITRAN ou o seu enderezo postal non é correcto → Contactar coa entidade que identificou o équido por primeira vez (Oficina Agraria Comarcal no caso de équidos de crianza e rendemento ou asociación no caso de équidos rexistrados) para tramitar que se actualicen ou corrixan os datos erróneos → Reintentar solicitude unha vez actualizados.

## **INFORMACIÓN SOBRE DATOS CONTIDOS NA TME**

### **DATOS DE IDENTIFICACIÓN OBRIGATORIOS**

#### **1. Non modificables**

- NPU (UELN)
- Código transpondedor (microchip)
- Especie

#### **2. Modificables (pola autoridade competente ou organismo emisor)**

##### **Datos do équido**

- Nome do équido
- Sexo
- Data de nacemento
- Capa
- Explotación de nacemento
- DIE substitutivo (si/non)
- Duplicado da TME (si/non)

- Aptitude para o consumo humano (si/non)
- Data de inicio da suspensión para consumo humano (se procede)
- Cualificacións sanitarias

**Datos do titular do équido**

- Nome completo
- Enderezo
- NIF

**DATOS VOLUNTARIOS DA TME (modificables polos veterinarios autorizados)**

- Reseña
- Controis de identidade do équido
- Vacinacións de gripe equina ou outras vacinacións
- Administración de medicamentos veterinarios



## ANEXO I: SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DA TARXETA DE MOVEMENTO EQUINA (TME)

### DATOS DO SOLICITANTE / TITULAR DO ÉQUIDO

Nome e apelidos / Razón Social		DNI/CIF
Enderezo completo (este enderezo recibirá a TME por correo ordinario)		
Concello	Cód. Postal	Provincia
Teléfono móbil	Correo electrónico	

### DATOS DO ÉQUIDO

Nº identificación do équido (NPU/UELN)		
Código do transpondedor electrónico (microchip)		
Código REGA da explotación na que está incorporado	ES _____	
Nome e apelidos / Razón social da explotación		DNI/CIF
Enderezo completo	Concello	Provincia

O abaixo asinante **SOLICITA** a expedición da **TARXETA DE MOVEMENTO EQUINA** para o équido referenciado.

#### DECLARA:

- Que coñece o establecido na lexislación vixente en materia de identificación equina e de tarxeta de movemento equina.
- Que dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos nesta solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados de acordo co previsto pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Que os datos que figuran nesta solicitude e na foto achegada son certos.
- Que este animal non posúe ningunha tarxeta de movemento equina anterior.
- Que autorizo á entidade emisora da tarxeta de movemento equina á consulta dos datos do équido que constan nas bases de datos oficiais.

#### ACHEGA:

- O Documento de Identificación Equina (DIE) para a comprobación dos datos de identificación do équido
- Unha foto a cor do équido referenciado:
  - a) En formato electrónico coas seguintes características:
    - Formato: JPG Standard Baseline
    - Tamaño máximo do arquivo: 50 kb
    - Resolución: 567 x 378 píxeles
  - b) En formato impreso a cor, datada e asinada polo titular e refrendada polo veterinario que asina esta solicitude.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

O titular/solicitante  Asdo.:	O veterinario asinante declara que a solicitude contén os mesmos datos que o DIE (Documento de Identificación Equina) e a foto corresponde ao équido que aparece no mesmo.  Nome e apelidos:  Nº de colexiado e provincia:  Asdo.:
-------------------------------------	--

Colexio Oficial Veterinario de \_\_\_\_\_